

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 16/11/1961

Colección:

Data: 16/11/1961

De:

Manuel Puente;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE].

Mencionados:

Ben-Cho-Shey; Francisco Fernández del Riego; Álvaro Gil Varela; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Ramón Otero Pedrayo; Rodolfo Prada;

Notas do editor:

Carta de 2 páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 16/11/1961

Manuel Puente
Buenos Aires Noviembre 16 de 1961

Señor Dn
Luis TOBIO
José Bto. Lamas 2941
MONTEVIDEO-Uruguay

Meu estimado Don Luis:

Contesto a sua estimada carta del 25/10 chegada con moito retardo.-

DEL RIEGO: Como entendin que primerio me iba escribir vostede propondo o plan que vostede resolvese, quedei a espera das suas noticias sobor da aceptación para facerlle chegar fondos que estan agora espallados en poder de Don Ramón-Alvaro Gil etc, de maneira que digame vostede si Del Riego aceptou o encárrago, si debo escribirlle.-

Don RAMON: fai tempo que non me escribe, cando estubo por eiquí Don Sebastián MARTINEZ RISCO encargueille falar con Don Ramón sobre dos capítulos que faltan para a historia e sobor de esto recibín o que lle transcribo que como verá non dí nada novo en que poidamos vasarnos, pero como confio na vontade de MARTINEZ RISCO para axudar no que poida pra historia escribireille sobor desto e igualmente o farei sobor o que vostede me indique.-

O MAPA GRANDE: o están facendo en Madrid coa intervención de "BEN CHOSEI", de maneira que como creo que irá pegado, seria ben que para non retrasar o traballo na encuadernación puxeran un papel dobrado no lugar correspondente, para ser remplazado logo polo mapa, pois vai a tardar porque o cartógrafo estaba fora de Madrid este novo mapa vai costar 40.000 pesetas.-

NOME DA EDITORIAL: conven porlle "EDITORIAL NOS" BOS AIRES, pois témola registrada eiquí, conven que vaya co o mesmo tipo e características tal cual está no libro "As Cruces de Pedra" que cordo que vostede ten un exemplar.

No copyright creo que pode ir o meu nome como vostede dí, e si e o caso de rexistralo ahí na propiedade literaria –fágame mandar a solicitú ou indíqueme como facelo.-

PAGOS: faga vostede os necesarios tanto a BARREIRO como os grabados, recurrido a miña conta do Banco de Galicia.

Sin mais, os amigos retribúyenlle e agradacen os seus saudos, e con uha garimosa aperta quedo seu amigo,

S S S

Manuel Puente [sinatura autógrafa]

P.D.- Fotografías levadas por Prada, creo que 106 –o que as facilitou precisas e está as reclamando, rógolle devolvermas o antes que poida.- Vale

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.